

UNIDADE 1: A AMIZADE

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO.

Canción: *Os meus amigos*.

LINGUAXE MUSICAL.

O son: lectura das notas.
Colocación das plicas.

EXPRESIÓN INSTRUMENTAL.

Instrumentos de percusión de altura indeterminada.
A frauta doce: presentación. Notas sol, la e si.
As voces humanas: tipos de voz e agrupacións vocais.

AUDICIÓN.

Música folk e rock.

DANZA E AUDICIÓN.

Marcha de Brian.

OBXECTIVOS

- Entoar afinadamente.
- Comprende-lo significado da letra.
- Recordar-la escala de Do.
- Ser quen de coloca-las plicas nos sons do pentagrama.
- Coñece-los instrumentos de altura indeterminada e diferencialos pola súa forma e timbre.
- Lembra-la utilización da frauta doce.
- Diferencia-las diferentes agrupacións das voces.
- Recoñece-lo timbre de voz dos seus compañeiros.
- Facer unha montaxe de danza.
- Coñece-la forma dunha marcha.
- Coñecer intérpretes da música folk e rock.
- Diferencia-la música folk da rock.

PROCEDEMENTOS.

- Lectura e entoación.
- Práctica do pulso e do acento nos compases binario e ternario.
- Recoñecemento dos sons da escala de Do.
- Práctica da escritura musical.
- Utilización da frauta doce e dos instrumentos de altura indeterminada, clasificándoos por familias.
- Traballo visual e auditivo de intérpretes e instrumentos da música folk e rock.
- Traballo visual e auditivo das agrupacións das voces.
- Descubri-la forma da marcha por medio da audición.
- Facer coa mesma audición unha montaxe dunha danza.

ACTITUDES.

- Interese pola lectura e pola entoación.
- Interese por transmiti-lo concepto binario e ternario.
- Ser quen de pasalo ben coa lectura dos sons.
- Valoración dunha escritura ben feita.
- Interese polo correcto manexo da frauta doce.

- Goce do coñecemento da música folk e rock.
- Atención ás audicións para distinguir as agrupacións das voces.

UNIDADE 2: A VENDIMA

CONTIDOS.

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO.

Canción: *A vendima*.

LINGUAXE MUSICAL.

O son: a duración.

O ritmo.

Dictado rítmico.

Signos de repetición.

Dictado de sons.

EXPRESIÓN INSTRUMENTAL.

Instrumentos de altura indeterminada: os xilófonos.

A frauta doce: as notas sol, la, si e do´.

Instrumentos de corda fretada.

Instrumentos na música folk e rock.

AUDICIÓNS .

O retorno de Peer Gynt de E. Grieg.

OBXECTIVOS.

- Entoar afinadamente.
- Coñece-lo traballo de vendimar.
- Coñece-las figuras e silencios musicais.
- Traballar co ritmo.
- Practica-los signos de repetición.
- Coñece-los xilófonos e encadralos dentro dos instrumentos de altura indeterminada.
- Practica-la frauta doce.
- Practica-los instrumentos de pequena percusión.
- Recoñece-los instrumentos de corda fretada: violín, viola, violoncello e contrabaixo.
- Recoñece-los instrumentos variados da música folk e rock.
- escoitar e analiza-la audición.

PROCEDEMENTOS.

- Lectura e entoación.
- Creación dunha escena da vendima.
- Practica das figuras e silencios.
- Confección das pirámides de figuras e silencios.
- Interpretación de fragmentos rítmicos e melódicos co signo de repetición.
- Práctica das baquetas nos xilófonos.
- Practica da frauta doce coas notas sol-la-si e do´ nas canción *Melodía* e *Rou, rou xouxigou*.
- Audición dos catro instrumentos de corda fretada: violín, viola, violoncello e contrabaixo, e agrupacións dos mesmos.
- Audición dos instrumentos da música folk e rock.
- Recoñecemento dos temas da obra *O retorno de Peer Gynt* e dramatización da mesma.

ACTITUDES.

- Interese pola lectura e pola entoación.
- Ser quen de pasalo ben coa posta en escena.
- Goce do silencio e do son.

- Atención á aparición dos signos de repetición.
- Boa disposición para a aprendizaxe da técnica instrumental nos xilófonos.
- Sensibilidade pola interpretación das obras *Melodía* e *Rou, rou xouxigou*.
- Goce coas audicións.

UNIDADE 3: OS INSTRUMENTOS MUSICAIS

CONTIDOS.

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO.

Canción: *Os instrumentos musicais*.

LINGUAXE MUSICAL.

Repaso do compás binario.
Traballo co ritmo.

EXPRESIÓN INSTRUMENTAL.

Melodías: *Cantiga de berce* e *Folclórico*.
Instrumentos de corda punteada e percutida.

PASATEMPOS.

Instrumentos de percusión.

OBXECTIVOS.

- Entoar afinadamente.
- Traballa-lo compás binario.
- Coñece-los instrumentos de corda punteada e percutida.
- Tocar coa frauta e instrumentos de percusión as obras da unidade: *Cantiga de berce* e *Folclórico*.
- Clasifica-los instrumentos de percusión.

PROCEDEMENTOS.

- Lectura e entoación da canción.
- Traballo do compás binario, marcando o pulso e o acento ou poñer unha audición e montar unha danza.
- Audición de pequenos fragmentos de corda punteada e percutida.
- Interpretación coa frauta e pequena percusión de *Cantiga de berce* e *Folclórico*.
- Realización dunha sopa de letras cos instrumentos de percusión.

ACTITUDES.

- Ser quen de pasalo ben cantando.
- Atención e interese polo descubrimento do compás binario.
- Disposición para a montaxe en grupo de actividades.
- Disposición para coordina-la propia acción coas do grupo.

UNIDADE 4: OS REIS

CONTIDOS.

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO.

Canción: *Os reis*.

LINGUAXE MUSICAL.

O signos de repetición.
Colocación das plicas.
Reconstrucción dunha panxoliña.

EXPRESIÓN INSTRUMENTAL.

O ostinato cos instrumentos de altura indeterminada.
Practica na frauta doce das notas mi-fa-so-la-si-do´ nas pezas: *Campaíñas*, *A Belén chegan todos* e *Vinde ve-lo Neno*.

CONTO MUSICAL.

Conto do Nadal.

OBXECTIVOS.

- Entoar afinadamente.
- Traballa-los signos de repetición.
- Reconstruír cancións.
- Traballa-lo ostinato.
- Practica-la frauta.
- Dramatizar contos .

PROCEDEMENTOS.

- Lectura e entoación da canción.
- Práctica da escritura musical.
- Práctica dos signos de repetición en exercicios e melodías.
- Traballos en grupo para a reconstrucción das cancións.
- Montaxe de ostinatos con instrumentos de pequena percusión.
- Interpretación coa frauta doce de *Campaíñas*, *A Belén chegan todos* e *Vinde ve-lo Neno*.
- Representación do *Conto do Nadal*.

ACTITUDES.

- Boa disposición para cantar en grupo.
- Esforzarse nos traballos de grupo e valora-las achegas dos compañeiros.
- Boa disposición para toca-la frauta doce.
- Ser quen de pasalo ben coas representación en grupo.

UNIDADE 5: A PAZ

CONTIDOS.

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO.

Canción: *A paz*.

LINGUAXE MUSICAL.

O xilófono soprano e ostinatos rítmicos con instrumentos de percusión na canción *Salta Raque*.

Practica na frauta doce das notas sol-la-si-do'-re' nas pezas *Sae á ventá* e *Ambó ató*.

AUDICIÓN.

Zapateado da danza española nº 6 de Sarasate.

Changing of the guards de Bob Dylan.

XOGO MUSICAL.

A Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela.

OBXECTIVOS.

- Cantar en grupo e dramatiza-la canción.
- Tocar coa frauta e os instrumentos de percusión as obras da unidade.
- Traballa-la ligadura de unión e o punto.
- Recoñece-lo caldeirón.
- Traballar elementos musicais co xogo da unidade.
- escoitar e analiza-la audición.
- Segui-la canción polos debuxos e realiza-la percusión corporal proposta.
- Recoñecer instrumentos na audición *Changing of the guards*.

PROCEDEMENTOS.

- Lectura comprensiva da canción e entoación da mesma.
- Dramatización e posta en escena adiantándose o máximo posible ó texto.
- Interpretación cos xilófonos e percusión de *Salta Raque*.
- Interpretación coa frauta de *Sae á ventá* e *Ambó Ató*.
- Traballo do xogo musical *A praza do Obradoiro de Santiago de Compostela*.
- Recoñecemento dos temas da obra *O Zapateado* e dramatización da mesma.
- Montaxe das diferentes percusións corporais na canción de Bob Dylan.

ACTITUDES.

- Esforzarse por crear formas orixinais para as dramatizacións.
- Curiosidade por coñece-lo que outros compañeiros conseguiron realizar para o traballo.
- Esforzo por crear formas variadas progresivamente máis persoais.
- Interese por traballar en grupo.

UNIDADE 6: O INVERNO

CONTIDOS.

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO.

Canción: *Foliada de Muros*.

LINGUAXE MUSICAL.

Repaso do compás ternario.

Traballo co ritmo.

Dictado rítmico.

EXPRESIÓN INSTRUMENTAL.

Os metalófonos.

Os instrumentos populares galegos.

Familia de vento-madeira con bisel: frautas de pico e travesseiras e agrupacións.

Práctica na frauta doce das notas sol-la-si-do´-re´ na canción *Esta gaitiña*.

Luthiers en Galicia.

OBXECTIVOS.

- Cantar en grupo e dramatiza-la canción.
- Traballa-lo compás ternario.
- Interpretar obras con instrumentos de percusión e frauta doce.
- escoitar e analiza-la audición.
- Coñecer luthiers da nosa Comunidade.

PROCEDEMENTOS.

- Lectura e entoación da canción.
- Traballo en grupo representando plasticamente o contido da canción.
- Traballo do compás ternario marcando pulsos e acentos con audicións e danzas.
- Montaxes instrumentais cun grupo de compañeiros das obras *Esta gaitiña* e *Xogamos*.
- Visualización de luthiers da nosa Comunidade e dos instrumentos que fabrican.
- Recoñecemento dos distintos temas da obra *Paseo en zorra* e dramatización da mesma.

ACTITUDES.

- Boa disposición para cantar en grupo.
- Valoración dos traballos dos seus compañeiros.
- Ser quen de pasalo ben coas montaxes en grupo.
- Esforzarse en buscar ideas novas para as dramatizacións.

UNIDADE 7: O ENTROIDO

CONTIDOS .

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO.

Canción: *Hai ruada*.

LINGUAXE MUSICAL.

O ritmo (silencio de corchea e corchea e ó contrario).

Pregunta-resposta.

Dictado rítmico.

EXPRESIÓN INSTRUMENTAL.

Práctica na frauta das notas mi-fa-so-la-si-do'-re' nas pezas *Andante* e *Retrouso popular*.

Práctica entoando e tocando con instrumentos de percusión no código morse da canción *Canto de Romaría*.

AUDICIÓN.

Os fósiles de Carnaval dos Animais de Camille Saint-Säens.

DRAMATIZACIÓN.

O piollo e a pulga.

OBXECTIVOS.

- Cantar afinadamente.
- Dramatiza-lo conto da unidade.
- Iniciar diálogos rítmicos cos compañeiros.
- Monta-las obras musicais da unidade.
- Segui-la audición polo musicograma e ser capaz de recoñece-los temas.

PROCEDEMENTOS.

- Traballo en grupo para entoa-la canción *Hai ruada* e establecer un diálogo coa letra.
- Dramatización do conto *O piollo e a pulga* levando roupa escollida polo alumnado para cada personaxe.
- Xogos rítmicos con preguntas e respostas musicais en grupos (uns preguntan e outros responden).
- Montaxe das obras *Andante* e *Retrouso popular* dedicadas á frauta doce e ós instrumentos de percusión.
- Debuxo para completa-lo musicograma dos *Fósiles*.

ACTITUDES.

- Atención e interese polo traballo en grupo.
- Ser quen de divertirse coas obras dramatizadas.
- Goce co canto propio e coa produción e expresión vocal e instrumental.

UNIDADE 8: A FANTASÍA

CONTIDOS.

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO.

Canción: *As necesidades do oso*.

LINGUAXE MUSICAL.

Repaso do compás cuaternario.

EXPRESIÓN INSTRUMENTAL.

Instrumentos de lámina e pequena percusión na canción *Conversa*.

Practica-la fruta doce das notas mi-fa-sol-la-si-do' na canción *Paxariños que vindes*.

Instrumentos de vento-madeira con dobre-lingüeta.

Luthiers en Galicia.

Obradoiro de instrumentos.

Instrumentos musicais antigos.

XOGO MUSICAL.

Viaxe cos piratas ata a cova do tesouro.

AUDICIÓN.

O aprendiz de Bruxo de Paul Dukas.

OBXECTIVOS.

- Entoa-la canción e facer unha montaxe percorrendo o espacio.
- Traballa-lo compás cuaternario.
- Tocar con xilófonos, metalófonos, fruta doce e pequena percusión .
- Recoñecer algún instrumento antigo.
- Traballar elementos musicais co xogo da unidade.
- Coñecer instrumentos de vento-madeira con dobre lingüeta.
- Recoñecer instrumentos que constrúen os luthiers de Galicia.
- Construír un instrumento da familia de vento-madeira.
- Segui-la audición polo musicograma e construír un final.

PROCEDEMENTOS.

- Entoación da canción da unidade e improvisación dunha danza ou baile.
- Traxo do compás cuaternario completando compases e colocando acentos, liñas divisorias e pulsos.
- Montaxe en grupo da obra *Conversa* con instrumentos de lámina (xilófono e metalófono e facer outra versión engadindo instrumentos de altura indeterminada).
- Montaxe da peza *Paxariños* dedicada á fruta doce e ós instrumentos de percusión.
- Clasificación de instrumentos, bailes, dictados... xogando con *A cova do rei da montaña*.
- Recoñecemento dalgúns instrumentos antigos por medio da escoita e da visualización.
- Recoñecemento de instrumentos de vento-madeira con dobre-lingüeta por medio da visualización e da escoita.
- Visualiza-los instrumentos que constrúen os luthiers mediante fotografías.
- Construír un instrumento con materiais sinxelos de conseguir.
- Recoñecemento das distintas frases musicais por medio dos debuxos.

ACTITUDES.

- Esforzarse polo bo funcionamento do grupo cando se fan actividades conxuntas.

- Valoración da lectura e da escritura musical como medio para comunicarse.
- Interese polo xogo.
- Ser quen de gozar polo canto propio e pola expresión vocal e instrumental .
- Respecto polos compañeiros.

UNIDADE 9: OS MAIOS

CONTIDOS.

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO.

Canción: *Levántate maio*.

LINGUAXE MUSICAL.

A música e a letra.

Colocación das liñas divisorias.

EXPRESIÓN INSTRUMENTAL.

Practica-la fruta doce das notas si-do'-re' na canción *Aí vén o maio*.

Familia de vento-madeira cunha lingüeta.

Pequena percusión nos ditos populares.

Orquestras de baile.

AUDICIÓN.

Horse and buggy de Leroy Anderson.

OBXECTIVOS.

- Cantar afinadamente en grupo.
- Coñecer ditos populares.
- Poñer letra a un ritmo.
- Colocar liñas divisorias.
- Inventar letras para unhas melodías.
- Segui-la audición polo musicograma.
- Interpretar obras con fruta doce e percusión.
- Coñecer instrumentos de vento-madeira cunha lingüeta.
- Coñecer instrumentos que se utilizan nas orquestras de baile da nosa Comunidade.

PROCEDEMENTOS.

- Entoación da canción da unidade.
- Interpretación a fruta e percusión da canción *Aí vén o maio*.
- Uso do ritmo poñéndolle unha letra respectando a sílaba tónica.
- Interpretación con pequena percusión de ditos populares.
- Visualización e audición de instrumentos de vento-madeira cunha lingüeta.
- Visualización dos debuxos mentres escoitámo-las distintas frases musicais.
- Visualización e audición dos instrumentos que interveñen nunha orquestra de baile.

ACTITUDES.

- Ser quen de gozar coa canción da unidade.
- Aplicación habitual dos coñecementos de lecto-escritura musical para a interpretación das obras.
- Ser quen de pasalo ben coa audición da unidade.

UNIDADE 10: MÚSICA E NATUREZA

CONTIDOS.

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO.

Canción: *O progreso*.

LINGUAXE MUSICAL.

Termos de velocidade e intensidade.

Elementos do son.

Clasificación dos sons.

Liñas adicionais.

EXPRESIÓN MUSICAL.

Carillóns.

Practicar coa frauta doce as notas mi-fa-sol-la-si-do´ na canción *Ondiñas veñen*.

Instrumentos escolares de percusión.

AUDICIÓN.

Le Basque de Marais.

O rock en Galicia.

OBXECTIVOS.

- Entoa-la canción da unidade.
- Colocar correctamente as liñas adicionais.
- Toca-la frauta e os instrumentos de percusión.
- Aplica-los termos de velocidade e intensidade a pezas musicais.
- Traballa-los elementos do son: altura, intensidade, duración e timbre.
- escoitar e analiza-la audición.
- Clasifica-los instrumentos escolares de percusión.
- Coñecer intérpretes e estilos na música rock da nosa Comunidade.

PROCEDEMENTOS.

- Entoación da canción da unidade.
- Recoñecemento dos termos de velocidade e intensidade nunha obra musical.
- Uso dos elementos do son nas cancións, instrumentación, audicións...
- Montaxe en grupo da peza *Chacona* e *Ondiñas veñen* coa frauta e instrumentos de percusión.
- Recoñecemento dos distintos temas da obra *Le Basque* e danza da mesma.
- Clasificación dos instrumentos escolares.
- Visualización e escoita de diferentes grupos do rock galego.

ACTITUDES.

- Interese por traballar en grupo.
- Ser quen de pasalo ben coas montaxes de danzas, instrumentación...
- Valoración do traballo ben feito, tanto no ámbito persoal como cos seus compañeiros.
- Goce por coñece-la música rock da nosa Comunidade.

UNIDADE 11: OS NOSOS RECURSOS

CONTIDOS.

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO.

Canción: *Catro vellos mariñeiros*.

LINGUAXE MUSICAL.

Repasámo-los compases.

Repasamos velocidade e intensidade, ligadura-punto, aplicación dunha letra a un ritmo.

Carácter.

Reconstrucción da canción *Ondiñas veñen*.

EXPRESIÓN INSTRUMENTAL.

Practicar coa frauta doce as notas re-mi-fa-sol-la-si-do' na canción *Heime de casar cun vello*.

AUDICIÓN.

A máquina de escribir de Leroy Anderson.

Peza folk de Milladoiro e peza rock de Siniestro Total.

OBXECTIVOS.

- Entoar afinadamente.
- Traballo sobre a vida dos mariñeiros.
- Traballa-los compases de dous por negra, tres por negra e catro por negra.
- Reforzar tódolos contidos traballados ó longo do curso.
- Clasificar e diferencia-las melodías polo seu carácter.
- Reconstruír cancións.
- Interpretar obras con frauta doce e instrumentos de percusión.
- escoitar e analiza-la audición.
- Diferencia-la música folk da rock.

PROCEDEMENTOS.

- Práctica dos compases dous por negra, tres por negra e catro por negra.
- Recoñecemento do carácter da obra escoitando a peza musical.
- Montaxe en grupo da peza *Heime de casar cun vello*.
- Execución dos ritmos con instrumentos de percusión de altura indeterminada para acompañar audicións.
- Visualización e audición de fragmentos da música folk e rock.

ACTITUDES.

- Interese pola lectura e pola entoación.
- Respecto polos instrumentos.
- Sensibilidade e goce coas audicións.
- Atención e interese por descubri-la música folk e rock.
- Goce e aproveitamento coas cancións.

UNIDADE 12: OUTRAS CULTURAS

CONTIDOS.

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO.

Canción: *O sacristán de Coimbra*.

LINGUAXE MUSICAL.

Repaso de figuras, silencios, plicas, dictado, signos de repetición, compases.

EXPRESIÓN INSTRUMENTAL.

Repaso de instrumentos.

Frauta doce nas cancións *Canon* e *Edelweiss*.

Bingo instrumental.

AUDICIÓN.

Marcha turca de Mozart.

BAILE.

O raio da película *Grease*.

OUTROS.

Viaxe por Europa.

Divertimentos .

OBXECTIVOS.

- Reforzar tódolos contidos traballados ó longo do curso.

PROCEDEMENTOS.

- Os mesmos que se empregaron ó longo do curso.

ACTITUDES.

- Goce, interese e boa disposición para realizar tódalas actividades, así como o respecto ós seus compañeiros.